

# Dossier curso auga salgada

## Chegou o mar á ribeira

Duración do curso: **20 horas repartidas en 10 sesións máis unha saída de campo**  
Bloques de contidos: **5**

Vigo é unha cidade que mira ao mar e cuxa historia se forxou a través da auga. Con este curso procuraremos aproximarnos ao coñecemento da lingua e da contorna aproveitando a relación que temos co mundo mariño.

- *Esquema de contidos por días*

Primeira sesión (16 de novembro): presentación e bloque I (*O medio mariño*). Léxico sobre a costa e o mar, plantas mariñas e toponimia da ría. Coñecemento sobre o mapa de Vigo, exemplo da *Talasonimia da costa sur de Galicia* e actividades.

- Segunda sesión (18 de novembro): bloque II (*Os mariscos*). Gastronomía, léxico e toponimia relacionada co marisco. Actividades.

- Terceira sesión (23 de novembro): bloque III (*Os peixes*). Cultura xeral, léxico e toponimia aplicada aos peixes e á ría. Traballo coa *Guía de peixes de Galicia*, co proxecto *Inaturalist* e actividades

- Cuarta sesión (25 de novembro): bloque IV (*Aves e mamíferos mariños*). Cultura xeral e léxico relacionado coas aves e a ribeira. Traballo coa *Guía das aves de Galicia*.

- Quinta sesión (30 de novembro): continuación co bloque IV. Léxico sobre os mamíferos mariños e toponimia da ría de Vigo. Traballo coa aplicación *BirdNet* e actividades.

- Sexta sesión (2 de decembro): bloque V (*A pesca*). Coñecemento sobre as artes de pesca, léxico relacionado e toponimia da ría de Vigo. Actividades.

- Sétima sesión (9 de decembro): bloque VI (*Os barcos*). Léxico, curiosidades, toponimia da ría de Vigo e actividades.

- Oitava sesión (13 de decembro): bloque VII (*Oficios e traballos do mar*). Coñecemento xeral, léxico e toponimia sobre os traballos característicos do Vigo antigo.

- Novena sesión (14 de decembro): bloque VIII (*O mar na historia e na cultura*). Algo de historia, literatura e coñecemento popular. Actividades.

- Décima sesión (16 de decembro): bloque IX (*O mar e a saúde e o lecer*). Algún fito histórico e coñecemento do entorno, léxico e toponimia.